

Memoria da Producción Científica realizada polos departamentos/institutos/centros singulares, estacións e grupos de investigación correspondente aos anos 2013 e 2014

Benquerido/a investigador/a,

Como sabes, o pasado ano, e cos orzamentos prorrogados, procedeuse ao reparto da produción científica a principios do exercicio utilizando para o cálculo do módulo correspondente, os datos da produción 2012 dispoñibles naquel intre. Polo tanto, e a efectos de actualizar a Producción Científica da USC o vindeiro **día 23 de xaneiro** imos a abrir o período de petición da **Memoria da Producción Científica realizada polos departamentos, institutos de investigación, centros singulares, estacións e grupos de investigación correspondente aos anos 2013 e 2014**.

Compre pedir desculpas aos grupos e investigadores da USC, así como aos administrativos de apoio, por este esforzo adicional, ao tempo que queremos enfatizar a importancia e valor estratéxico de esta información para a defensa e promoción de iniciativas e estratexias de apoio á investigación e, adicionalmente, na defensa dos criterios que deben marcar os indicadores do novo Plano de Financiamento.

A Programación Plurianual recentemente aprobada polo Claustro e o Consello Social incorpora como obxectivo *Reforzar a valoración e a avaliación da Producción Científica como estratexia de potenciar a competitividade da investigación da nosa Universidade*. O avance nese obxectivo obrigará á revisión dos procesos de valoración da Producción Científica, así como dos sistemas de obtención de información e difusión de indicadores, por exemplo, optimizándose os criterios e procesos de filiación ou as ferramentas de automedición. Ao mesmo tempo, e en colaboración coa Biblioteca Central, estase avanzando no deseño de protocolos para permitir articular os procedementos de recollida de información e rexistro da Producción Científica coa alimentación do repositorio institucional. Confiamos que antes de finalizar o presente exercicio podamos presentar avances significativos que faciliten a todos os procesos de xestión da información sobre a relevante Producción Científica da USC.

Namentres, quero chamar a túa atención sobre a importancia que ten que desde a dirección do dpto./inst./estación ou centro singular polo que se presenta a produción, se supervise a correcta presentación da documentación. É necesario axustarse o mais posible ás instrucións que se achegarán xa que como sabes, a avaliación das actividades faise de xeito totalmente automático mediante unha aplicación informática. Os departamentos, institutos, estacións e centros singulares constitúen a máxima autoridade científica na nosa Universidade nas áreas da súa competencia e, como tal, deben coidar que as contribucións presentadas sexan actividades valorables e que se sitúen nos apartados correspondentes.

Agradecendo a túa colaboración, recibe un cordial saúdo
Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2015



Isabel Rodríguez-Moldes Rey
Vicerreitora de Investigación e Innovación